

O TIO MARCOS D' A PORTELA

Os mandamentos d'o Marcos fora d' airexa, son seis: facer á todos xusticia, non casarse con ninguen, falar o gallego enxebre, cumprir c'o que manda a ley, loitar pol-o noso adianto con entusiasmo e con fé, vestir calzós e monteira peromna século amen.



Tefien os pobos a gala n-o seu linguaxe falar: fálase chino n-a China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e n-a Alemania, aleman, soilo os gallegosd' agora hastra vergonza lles dá falar a melosa e dulce fala que falan seus país.

N-A CADEA.

Ano séntimo

Ourense 9 d' Agosto de 1885

Parrafeo noventa

POL-AS REIXAS.

Garridas mozas, churrusqueiros rapaces d' a terra que n-este vrau de trulladas pol-as romaxes e de riola pol-as feiras, levandes o mais barulleiro pracer ás nosas esquecidas aldeas, eiquí me tendes, non collido entre portas, non agarrado pol-as patas n-a trapa, non rebolindo pra encontrar un burato por onde fuxir com' os ratos que pillan n-a ratoeira. Alcóntrome n-a cadea, n-a pousada d' o número dazasete d' Ourense, fálovos pol-as reixas, pol-a mor d' o alcalde d' o Carballiño que s' anoxou porque non lle supuxen talento e que se qrellou de min, ós que turran pol-a corda, ós que remexen as trécolas d' o poder, ós que mandan, ós que xuzgan, ós que disputan en papel sellado, a xusticia d' os homes, todos á feito e dempois de me faceren dar mais voltas que un argadelo, compuxéronse as cousas de modo que me mandaron á parrafear c' os presos.

Véxome n-a cadea, e lonxe de m' avergoñar, teño á moita honra estar n-ela pol-o que foi. Así como así poucos son os que agora cantan as d' o barqueiro; convenlle ós mais que viven e beben e medran, pórense á ben c' os que mandan, y-unque non sea mais que pra que se oya

unha voz sin carraspeira, unha espresion que non s' axuste ás comenencias, unha protesta sin miramentos acomodaticios, val a pena d' un arresto de dous meses, e inda mais, que a libertá que adouramos non é libertá nin cousa que se lle pareza, si os homes que se chaman libres pechan os labios e pasan por todas como fan os párias, que se moven, e sinten, e pensan, levados pol-a mau d' os seus tiranos.

¿Qué o alcalde d' o Corballiño non tiña talento? Con velo abonda. Aquelo nin riberetes ten d' alcalde, nin pol-as mentes se lle pasaría o selo á non deixarse mallar n-a forxa d' o Macho-Campana, quen pol-o que vou vendo, si non ten meolos, si non sabe por onde anda, vaille dando xeito pra facer d' unha farangulla un pan com' unhas hostias n-a política reacionararia d' o Carballiño, que é unha política de rabia, de xenreiras e de cativeces.

A non ser por ela ¿quén se lembraría d' o xastre e d' o cornetin de piston d' a murga de Banga?

O qrellado alcalde, dinantes de pasar pol-a escola, escomezou a coser ó ganduxo, púxose a botar os bofes n-o cornetin, e mais tarde cando entr' os veciños era tido por un ninguen, como si se dese unturas d' unto milagreiro de trinta e sete difuntos, rubiu pol-a gramalleira d' o poder

e saiu dando pitadas d' alcalde e botando puntadas c' o seu anaquiño d' autoridá.

Feito mandarin ¿quén s' estrevia a poñerlle o pé diante? Co-a vara n-a mau ¿quén se chegaba onda él? Presidindo as sesiós ¿cómo adevertirlle os seus erros? Estando bebendo n-o turreiro ¿cómo lle pedir a xerra pra botar un trago? Botando foguetes n-o medio e medio d' as ruas ¿cómo lle pedir lume pr' alcender un pito?

O quisque de Banga c' os sereos e c' os porteiros d' o Auntamento formou un Olimpo, oficiou de Xúpiter de caracocha e non tendo á mau rayos nin centellas pra fundir ós seus nemigos, sacudiu unha qrella contra o TIO MARCOS, que foi o que dempois de s' enteirar d' o que falaban os veciños d' a vila d' o Arenteiro, falou en prata e non se parou en barras nin en berras, nin en borras nin en burras, non pra poñelo d' azul e verde, nin de colorin colorado, sinon co a facha que ten sin quitarlle nin porlle pero.

¿Qué m' arrepinto d' o feito? ¡Arrenégote! ¿Qué mais quixeran todol-os demos d' o inferno pra me levaren alá pol-o mais mintireiro d' os homes?

Véxome n-a cadea pero non se pode gabar de que saiu co-a sua com' as bestas d' os fariñeiros, que si se deitan n-o chau non s' erguen por moito que as mallen.

O arrepentemento e bó pr' os que dilynquen. Eu de mín sei decirvos que non pequei nin esto. ¿Qué habia pecar? Pecado que non teria perdon de Dios, fora falar pol-a contra d' o que falei, pois ó cabo a vila d' o Carballiño era merecente de que a libranan d' aquela pauliña que lle botaron por se dormir n-as pallas, namentres lle puñan un alcalde d' aquela casta.

Dí un refran noso que morto o can, morta a rábía, e morto aquel alcalde—porque agora xa non rixe mais que de músico ou de xastre—debe tamen morrer a cuestion d' o talento que traguíamos entre maus, pois tratándose de quen se trataba non podíamos traguela n-a cabeza; mais á min non me praxe deixala, pois eses talentos que se soñan e non se teñen, esas fantasías de fume deben andar de mau en mau como cabaza de viño, ou pol-os aires como rastrexos do foguetes de tres estralos.

Aposto sete onzas en sete rodas que non hay quen sosteña que o Xoquin Gonzalez o que foy músico e xastre de Banga ten talento. ¿Onde o viu?

De modo e de maneira que por mais qu' estou arrestando, que anque perdin o preito con costas,

que anque n-o Supremo non me casaron a sen-tencia, alcóntrase n-a mesma, sin ter xiquera o que cabe n-o ollo d' unha agulla de talento.

¡Puxéranllo n-a punta d' a vara e desque ll' a tiraron d' a mau quedou o coitado n-o aire! ¿Dixen n-o aire? Mal dito: ¡qué mais quixera que o seu talento andivera pol-as nubes!

Volta á folla e capítulo aparte.

De gayola.

Andaba eu por esas ruas cuasque feito un vago, á esculca d' os casos e d' as cousas que pasaban n-a vila, cando un d' eses ministros que non dispoñen de carteira, nin cobran cesantía, nin teñen mais que seis reás diarios, deume ovisio de que o señor xuez m' agardaba pra me facer unha notificacion. Xa me fun afacendo á estas angueiras desque deixei o rayo d' o sacho pra coller a pruma, e non me sorprendin. Fai un ano que teño tratos c' o señor escriba (que Dios conserve) e con todol-os que trascenden a curia.

¿Chámanme? Pois alá vou, pois algo me queren cando me chaman. E fun, e inda non tería tempo de lle retorcer o pescozo á unha galiña, cando o aguacil me dixo que o siguisse, y-anque non me fixo tustús seguino sin pestanexar pensando pra min en que pararía aquilo.

O aguacil levaba un cartifolio n a mau c' un letreiro posto en letras como patacas novas que decía: «O señor alcalde c' O TIO MARCOS D' A PORTELA.»

Eu atenteime a roupa, pois inda que respiraba e iba andando pol-o meu pé, deprocateime si me levaban metido n-aquel sobre y-eu iba fora á xeite de pantasma. D' alí á pouco alcontreime diante d' o señor alcalde.

Etonces cain n-a conta de que se me levaba d' Herodes á Pilatos.

Sin mais faladurías díuseme á saber que aquela mesma noite tiña que dormir n-a cadea. Viñen pol-o meu pé y-entrei sin me deter n-a porta como périco pol a sua casa. Aloxamento gratis e nove cadelas diarias por estar mau sobre mau: cuasque como si dixéramos un empregado.

¿Quén diría que os conservadores m' habian de dar un emprego!

Pero díronmo á medias, porque n-a credencial xa me prantaron a cesantía. O tres d' o videiro Outubro hay órde pra me botar fora pra que busque a miña nai gallega.

¡Dempois de m' acostumaren á malos vicios!

N-a cadea.

A cárcere d' Ourense si non é unha cárcere modelo, porque os presos non teñen nin láreira onde facer o caldo, é unha cárcere con catro paredes mais fortes e mais grosas que bandullo de conservador n-o poleiro. Ten mais reixas que un convento, e como non me remorde a conciencia, cando os meus ollos se fixan n-os ferros, pasesme que son unha monxa. Si non fora porque non sinto escrúpulos de monxa e de crear n-a trasmigración d' os espiritos, coidaría qu' estaba n-o outro mundo encarnado n-o corpo d' unha monxiña de Santa Crara, e moito mais cando non falta quen me chame Santa Crara. Pero a vista d' as cirigolas e algo mais que me relembra o que son, barreume a figuranza.

Estou com' un señorito *pasando o tempo* sin facer cousa de proveito nin angueira de traballo. Vivo com' un príncipe porque me poñen gardas á porta; e gardas d' os que sirven ó rey con fusil e baoneta calada, que lle dan o alto dempois d' o toque de retreta ó mais pintado que pase por diante d' eles, que de media en media hora pónense a berrar: ¡Centinela alerta...! ¡Alertaaaa...! ¡alerta estáaaaa...! e non d' eses gardas que andan de riola pol-as ruas con chafarote enfurruado e sin abrir mais que a boca cando se lles pasea a alma pol-o corpo, nin d' esoutros que a espía d' os agarapiñantes pérdense de noite pol-as revoltas d' a vila.

Eu sinto que pol-a miña causa teñan esos incomodos. Son muy francote; nunca se me deu por pintala, e vamos, non podó remedialo, non me leva o xenio gastar cumpridos. ¿Pra qué mil xuneras tantas molestias? Eu tan agradecido estaba d' unha maneira como d' outra. Non sei o que me nembraron nin os honores que teño pol-o nembramento. Non debe ser cousa cativa cando gastan comigo tantas cirimonias.

¿Serei ministro d' a Guerra sin sabelo?

Eso non porque non collin o chopo n-a miña vida, nin andiven pol-os cuarteles acepillándolle a lanvita ós xefes, nin oubin asubiar as balas, nin estiven en campaña. Oubin os asubios d' os gra-xos d' a Burga, e fixen moitas campañas n-os turreiros d' as romaxes.

Anque *servicios de guerra*, eses non se teñen en conta n-o servicio d' o rey. Logo non son ministro d' a Guerra nin xiquera cabo d' es-cuadra.

Pero o caso é qu' eu algo son, y-as cirimonias con que me tratan e non de groma, d' algo veñen.

¿Serei ministro de Gracia e Xusticia?

Eso nin pensalo. De selo xa os ministros d' o Xuzgado me sacarian o sombreiro ó verme de lonxe, e víronme e mais quedáronse co-él enterrado hastr' os ollos.

¿Non me trataron os d' a curia con curtesia?

Pois enton non son ministro de Gracia e Xusticia, nin xiquera ventan qu' hei chegar a selo.

Non cayo n-a conta d' o que son; pero volvo á repetilo, ninguén me tira d' a cabeza que algo sono, e debe ser cousa de perendengues, porque me pagan aforrandome o traballo de firmar á nómena.

O sueldo non é alá moito que digamos: nove cadelas por dia tenas calquera aprendiz d' axudante d' escribente. ¿Y-os honores? Os honores si que son d' os que solo se lle fan as persoas que mandan en xefe.

Oyo moito ruido de chaves, e dame que pensar.

¿Serei dono d' algun tesouro? ¿Acaso temendo que derretese as cadelas en foguetes de tres estralos ordeou algun que pode, que m' o gardasen ben gardado?

Eso non pode ser porque si fose tan rico non faltarian exércitos que lle fixesen a contra hastra botaren por terra á quen dira tales ordes.

Cando a cabeza traballa, mais tarde ou mais cedo, xa que un non invente á polvora pol-o menos ponse n-o allo.

¿A qué cain n-a conta? Malos lobos me non coman si non estou n-o allo.

Como estamos n-o vrau, como a raxeira d' o sol queima, como os microbios andan facendo estrozos e non estan seguros de que non veñan á Ourense, doéndose de min que xa de vello vou pr' as ancollas, e tendo en conta que non aduano n-a política, que non fago mais defensa que a d' os labregos, que trono contra os caciques que ll' espremen o xugo, que aldraxo as grandes in-xusticias d' a terra, e que lonxe de lle quitar a monteira ós verdugos precuro andar n-a compañía d' as vítimas, mandáronme de vranco á cadea como quen vai de baños, ou puxéronme á sombra pra que o sol non me poña moreniño, nin m' espoña á coller unhas terciánas nin me seque a cana d' os hosos.

¡Qué Dios ll' o pague ós que teñen tanto tino pol-a miña saude, e precuran, véndome tan acabadiño, que me conserve sin facer a carantoña.

Meus compañeiros de monteira, non padezandes pol-as qu' estou pasando que abofellas vos

xuro que nunca me vin n-unha limpeciña com' ela e tratado con tantas retesías e cumprimentos.

Namentres non chega o tres d' Outubro vou turrando pol-a cadea.

AGOIROS.

Non hay noite que non veña n-un d' os loireiros d' a horta o moucho negro e sombrío a pousar n-as verdes pólas, e cando mais bufa o vento sacodindo as débres follas, cando estrala o madeiramen y-a chuvía os vidros azouta, d' un modo tan triste canta qu' escoítalo dá congoxa.

Non poiden pechar os ollos, nantronte: pra min as horas cal precesión de pantasma pasaron lentas e xordas. Deitada estaba n-o leito n-a autitude d' unha morta; escasa d' aceite a lámpara daba unha luz tan medosa, que mais que luz, parecía fosforescencia n-as sombras, o vendaval retorcéndose bruaba n-as correoiras, chovia como si as nubes a inundar os agros foran, y-os roucos chios d' o moucho chegaban á miña alcoba monótonos, estridentes, fatídicos e con forza: nunca tiven tanto medo nin pavor de verme sola!

Arrepiada, tremando, acocheime baixo as roupas pra non escoitar os chios d' o paxaro qu' onde pousa, ou malaventuras venta ou d' alguen a morte agoira.

Eu non sei si foi un sono, ou ilusion enganosa, delirio, presentemento ou adiviñanza tola; mais xuraria que oubin terra, vaga, malancónica, unha voz que me dicía: «Probe virxen non t' escondas nin medo teñas ó moucho que n-os loureiros d' a horta ven a entoar pol-as noites a súa cantíga insólita: chia o moucho n-os loureiros por que non n-a terra nosa son estes álbores símbolo d' a inmortalidá e groria, pois mentras n-os pobos cultos

d' o laurel co-as verdes follas pr' os héroes e pr' os poetas están tecendo coroas, non chegaron en Galicia inda a servir pr' outra cousa, que pr' anunciar as tabernas pondo ramallos n-as portas, pra darlle sabor ós guisos e pr' afumar carnes mortas; que n-a sustancia e n-o fume moitos teñen as suas grorias.

¿De qué t' estranas que o moucho qu' ó redor d' a morte voa, que canta malanconías e que disgracias agoira, veña á chiar pol-as noites n-os loireiros d' a tua horta?»

Esto xurára que oubin, e vou conecendo agora que si mentira non fose qu' es mouchos a morte agoiran, eiquí en Galicia voáran cantos pol-o mundo voan.



UN CONTO.

—Pois, señor, alá vai.

Había aló n-un lugar, onde tod' era paz e gracia de Dios, un honrado labrador d' o seu e non d' o alleo, pai d' un rapaz arriscado e valente como poucos, bon mozo ¡Dios me valla!, bailador com' a luz n-os ollos d' o bébedo y-a mais d' esto, tan namorado, que Cupido está co-él que tira pedras.

Socedeu que a Culasa, rapariga de dazanove san Xoás, metéuselle n-o fendiño mais fondo d' o corazón, ó coitado de Leonardo d' as Leiras, que así se cham' o falcatrúa d' o rapaz d' o noso conto. O mesmo foi vela aló un día n-unha tasca, e craval-os ollos n-ela, que pampeou como si vira a pantasma que corre por riba d' os eidos e brinca os valados sin pór pé nin xiquera n-unha herba. ¡Xa se vé! Unha nena bonita com' o alabar á noso Señor e' us ollíños que cando miran feros consolan e cando doces, síntes' así como algo d' a groria que nos ten prometid' o noso Pai d' o ceo.

É o caso que ó seguinte domingo atopáronse n-o adro ó sair d' a misa... mais ben, fixose Leonardo o atopado, y-enton dixoll' él:

—Alabado sea Dios que me dou vista n-estes

ollos! Bendita a santa Loción que ten conta d' eses, gardandoos de corvos e pezoñas; que poidera ser moi ben tan solamente por cobiza acabar co-eles! Bendita a nai que vida che dou, y-o pai que pra tí gana pan, prendiña!

—Vêlo, vêlo—dixó ela, pódose roxa com' as frolinas que medran su d' a fonte d' o lugar.—¿E qué can te trabou ou que cobra te picou pra que veñas lox' á dirme tanta cousa bonita?... Anda, landan, anda, que pouco ten que facer a probe que che dá creto.

—Mira, Culasiña,—dixoll' él,—tí sabes ben, y-eu non-o nego, que son un pouco apogado ás trouleadas, que me gustan moito as nenas d' o lugar pro eiche de contar un conto, y-é que s' houbera que facer unha reina entre vos todas, ¿vaya que non te decatas á quen eu facería reina, á ver s' ela faciam' á min rei?

—Home, si tí non-o dis!...—contestoull' ela estemorecéndose com' a follíña n-o álboro, cand' a empux' o nordés.

—¿Quén había de ser, pombiña sin fel, quén hebía de ser, non sendo tí?...

—Vaya, vaya,—lixoll' ela acurtando o andar;—déixam' en paz, que levo moita presa.

—Non t' hei deixar, non, garridiña, namentras non me digas se das creto ó meu conto.

—¡Vêlo!... Pr' home, xa falaremos d' eso... Eu non che digo que sí... ¡Dios m' aparte!... Tampouco che direi... que non... Pro xa ves, o señor pai está diante tod' o mundo, de sorte que xa falaremos de tod' este enguedello.

—¡Ay miña prendiña!—lixoll' el;—este enguedello hay que desenguedellalo presto, sinon seica morro de malenconia!...

Pasou un ano entr' arrulos e namorios, hastra que o bon de Leonardo dix' á seu pai n-unha ocasión:

—Señor pai, señor pai, teño que falar con vos tede d' un conto que me trai todo escanabeirado fai algun tempo.

—Fala, meu fillo, fala. Xa sabes,—dixoll' o pai—qu' eu pra tí son mais que pai, un bô amigo, e sempre ch' ei topar algun consolo.

—Pois señor pai, socede qu' estou namoriscado que dá medo, de Culasa a filla d' o tio Sidro d' a Pedragalla. Xa d' esto vai un ano, e d' enton acó nada temos que botarnos n-a cara emtrambos á dous. De modo e maneira, señor pai, heille pedir, s' estima d' o seu aprobamento este xuntoiro, vaya cabo d' o Tio Sidro, e lle pida o seu consentimento.

—Home, ben... Sidro é moito meu amigo, e fólgame que así vos queirandes Culasa e mais tí. Coido que Sidro non atopará falta en tí nin n-a tua xente, que sempre compriu c' os seus deberes pra con tod' o mundo; pro de calqueira maneira é mestêr veñas comigo, e iremos falar co-él.

O seguinte dia feirado foron pai e fillo casa d' o tio Sidro, que (falando eiquí pra contra nós) xa sabía algo d' o conto por mor de qu' ela, como

boa filla dixérali' algo; a maneira que cand' os veu chegar dix' él contr' o seu chaleque:

—Válgavos o deño, casi vis pro meu encanto, o meu agarimiño... Probe de min que me vas deixar horfiño d' ela.

Y-as vágoas saian como d' o cano d' unha fonte d' os seus olliños cansos. Por eso, brilaron dempois un pouco c' o vivo relumear d' o lóstrego, e falou d' este xeito:

—Dios Noso Señor sab' o que fai. ¡Qu' a sua misericordia os faga tan afertunados com' o fun eu!...

N-esto chegaban pai e fillo; y-o primeiro, dirixíndose ó sobrado dixó, berrando non pouco pra ser oubido:

—E logo ¿hai licencea?

—Adiante a boa xente—respoudeu o tio Sidro.

Deixémol-os saudars' e falar d' as suas cousas, e vamos á ver qu' era d' a boa de Culasa namentras.

Estab' a probe sentada n-a pedra d' o lar ó tempo que fervia n-un caldeiro a encaldada pr' o gando, e fixol-os ollos n-o lume pensaba d' esta sorte:

—Casarse, meu Dios! ¿E valerei eu pr' este fregado? Miña nai Santisimiña d' as Neves m, axud' e m' alumee. Que sexa tan boa casadiña com' a miña probiña nai, que Diol-a teña n-a groria. ¡Ay meu corazon, case que me bule drento d' o peitiño!

Baixou á catar lume pr' o cigarro o pai de Leonardo, pois esquecerall' o esqueiro, e como vise á rapaza que miraba sempre pr' un mesmo lugar e c' os beiciños apertados como quen vai subiar coidou q' afellas asubiaba quediño a nena. Así foi que pondo teimad' a monteira e chuscand' o ollo ezquerdo.

—Ai rapariga—dixolle;—sei q' asubias... Non, pois como sea certo o que diçen ahí dentro, hache custar car' o asubiamento... Ejem, ejem...

Aquí morreu o conto. A nena xa sabe hoxe s' o asubiamento costoulle ou non pois vai pr' un ano qu' esto sucedeu... e podo xurar qu' estaba eu diante cand' o conto contaronme.

V. P.

N-o Ferrol à primeiro de Mayo 1885.

COMO CHOVE...

*Chove, chove
n-a casa d' o probe.*

¡Vállame Dios que noite! ¡Como chove, como chove, e que lóstregos se ven!
¿Qué guía os campos levarán? ¡Ay, probe, probe d' o que non ten!

Con forza á pedriscar comenza agora,
riba de nós a nube descargou:
outra tal com' aquela que treidora
as terras nos lévou.

Que d' estrozos fará n-os nosos millos;
nin graos pr' a sementeira deixará:
¡ay amante muller, amados fillos,
quedádesvos sin pan!

O ano enteiro traballa pra q' un trono
lle leve o que procura con suor,
ou ben escravo pra manter seu dono
traballa o labrador.

Parés, muller, que cae unha goteira
n-o leito d' os pequenos, vai á ver;
acende ese candil, e n-a lareira
bota foupas tamen.

Si mollados están os anxeliños,
trainos aixiña e vámolos quentar:
¡inda por hoxe ñoran, coitadiños,
pol-as que pasa un pai!



C' o gallo de m' alcontrar n-a cadea sospén-
dense as carreiras de burros anunciadas pr' as
festas de San Roque.

Namentres xa seguirán facendo a súa carrei-
ra os burros d' outra caste.



A miña sentencia non-a casaron n-o Tribunal
Supremo.

Pois xa sei que non é casada.

¿Quedou solteira?

Tampouco porque eu non ando solto.

Pr' o meu ver quedou viuda.



Pol-a mor d' unha rapaza rifaron dous mozos
con tal coraxe que un d' eles arrincoulle d' unha
dentada a metá d' o lábio d' enriba ó compañeiro.

Si s' alcontraria adoecido que ll'arrincou co-a
tallada os pelos de medio bigote.

¿A qué se lle metera n-a chola deixalo sin
labios pra que non lle dise bicos á rapaza?

¡Nin que foran cadelos pra se morderen!



Mociñas, mozas gallegas,
que levandes como poucas

con gracia e con fantasia
dengue, muradana e cófia,
soles d' os meus amoriños,
d' as miñas tristuras rolas,
fadas con ollos que firen,
que feitizan e namoran,
saberendes meus tesouros,
qu' estou n-a gayola,
que cain pol-a mor d' un alcalde
d' os que fan os caciques agora.

Vos que me tendes por páxaro
e non d' aqueles de conta,
que anque vello acabadiño,
pois vou indo pr' as ancollas,
sabendes que non sosego
cando me vexo entre mozas,
pensarendes que o TIO MARCOS
esmorece d' esta emposta.
¡Nin pensalo miñas prendas!
¡Lonxe d' eso miñas xoyas!
Hei de sair com' os páxaros
que pol-os airiños voan
cando fan n-a primadeira
os seus niños entr' as follas,
e c' unha pinta ¡que pinta!
d' as mais enxebres e novas.
Co-estes dous meses e piques
que pasarei posto á sombra,
sairei co-a cariña branca
amrosiña e risoña
que a non ser por estas barbas
asomellárase ás vosas;
vou a botar un bandullo
sin engorros nin vinhocas,
como a teñen os que viven
e medran d' outros á conta,
pois namentres que en Galicia
os ollos guiñen as mozas
y-anden con ruxir de faldas
atentando os que namoran,
non é caso de morrer
por estes contos e cousas.

Estouvos como dinantes
con alentos e con forzas
pra bailarmos n-o turreiro
pol-a vella e pol-a nova,
xa ben sea o agarradiño,
xa a muiñeira troladora,
y-estou deprendendo us puntos
beilando sobre d' as lousas
que por turreiro me diron
n-esta festa de chirona,
que de saírenme o mesmo
que hoxe me san ¡vaiche boa!
hei de ser entr' os gallegos
o beilador de mais sona.

Por eso, meus anxeliños
aínda que n-a gayola
cain pol-a mor d' un alcalde
d' os que fan os caciques agora,
non sintandes pena
non sufrandes doer e congoxas

que o TIO MARCOS namentres que haxa
mociñas gallegas, non morre á mioca.



N-a Diputacion provincial alborotouse o gali-
ñeiro c' o gallo d' as oposiciós a unha praza de
maestra n-a Escola Normal.

Era milagre que levandó a batuta o Tenor d' a
Porta d' Aire non houbese desafinamentos.

As maestras protestaron contr' os exercicios
facendo de tiprés y-abofellas que daba xenio
oubilas.

Os d' o Tribunal deron algunhas notas de *si*
en falsete, a xuicio d' o púbrico.

O Tenor d' a Porta d' Aire anque *trinaba* foi
asubiado.

Algús espeutadores desque se viron fora d'
aquele novo campo d' Agramante, pra s' espere-
xer deron un *do* de peito, que foi por aquívôco ou
por perda d' o compás, á resoar n-os fuciños d' un
maestro que sacou o espeto seica pra enfiar os
galos que se soltaron n-aquela barullada can-
tante.

As maus andiveron por autiva e pasiva e con-
jugáronse as verbas de sorte que foron lembra-
das pol-o presente, pol-o pasado e pol-o futuro.

Anque foi elexida unha salvadora non se sal-
vou d' a xeneral protesta.

Si n-os exercicios pr' as escolas s' arman es-
tas algueiradas, ¿qué non farán n-os exercicios
pr' a provision de caciques?

Si rifan n-os nagocios d' istrucion púbrica,
¿qué deixan pra facer n-os nagocios d' a politica
miuda?

Dende que a Cotorra d' a Farixe rubiu ó po-
leiro non se para n-a paxareira provincial.

En boas maus anda o pandeiro.



A Verdá adivirteltes ós periodistas que teñan
tino de non s' esquecer de que hay n-a Audencia
un banquillo de madeira e cravos.

Hastra nos ameazan con tirarnos á cabeza os
trastos d' a casa onde contan que se fai xusticia.

Aquel banquillo ben-o conozo eu. O 3 d' o pa-
sado Febreiro asentei n' él as pousadeiras, e cua-
sementes que me pareceu que a madeira foi
arrincada d' un d' eses árbores que dan os buga-
llos e que os cravos que ten son d' os de tres ó
cuarto.

Pareceume tamen c' o xuncras d' o banquillo
non está nivelado.

Os conservadores que fan *a verdá*, falan d'
elo con sorna porque se ven libres de sentárense
alí com' os que a decimos.

Eses séntanse aquí.



O Xil foise pra Quereño
á fumigar segadores,
y-a dirixir os traballos

d' unhas barracas pr' os probes;
mais que pra facer política
ha ser listo pr' estes trotes,
y-anque gaste dez mil pesos
en táboas, cravos e xofre,
emprestará mais servicios
que botándose de prócer
n-a Comision provincial
presidindo ou dando órdes.
Pra fumegar non hay outro
n-a provincia hoxe por hoxe;
¿c' o fume qu' él tray n-a chola
afuméganse cen orbes!



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. X. B., Carril.—Conforme c' o que me pro-
puña n-a sua carta. Non lle contestei dinantes
por falta de vagar.

D. V. C., Habana.—Axustadal-as contas.

Estafeteiro de Freás d' Eiras.—Si eu fose di-
reutor xeneral de correos, limpáballe o come-
deiro.

D. L. L. S., Santiago.—Recibin seis pesetas
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este
ano.

D. P. P., Carballiño.—Recibin seis réas pol-a
sua suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

Doña E. F. de G., Betanzos.—Recibin tres
pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros
d' o pasado Xulio.

D. D. M., Viana.—Recibin duas pesetas pol-a
sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

D. F. R. B., San Martin de Quiroga.—Reci-
bin dez réas pol-a sua suscripcion hastr' os derra-
deiros d' este ano.

D. X. A. e A., Astorga.—Recibin seis pesetas
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xu-
lio d' o ano que ven.

D. B. F., Filgueira.—Recibin seis réas pol-a
sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

Sres. A. G. e C., Vigo.—Recibin dazaoito réas
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este
ano.

D. M. G. e G., Burgos.—Recibin seis réas
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Se-
tembre.

D. F. M. e S., Lomba.—Recibin seis pesetas
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de
Marzo d' o ano que ven.

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE.

Alba 15, Baiwo.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o pais gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçións é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.
— Os pagos faranse en letras d' o xiro.

A COMPETIDORA D' A NEVE

GRAN FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE, Rúa de San Miguel, 16, baixo, conserxería d' a Union—OURENSE

Non terlle medo a raxeira
d' o sol, nin tampouco ó colera
namentres haxa n-a Union
os sifós de gaseosas;
con levar n-a faltriqueira
dez cadelas en dez rodas,
pidir un sifon, e darlle
a un gancho que ten á volta,
pol-o canuto dianteiro
sai un auga que consola,
é fresquiña como a neve
anque parès que afervoa:
fai ó bebelas, n-os labeos
non sei que xuncras de cóxegas,

que parès que os anxelinos
as maus n-os poñen n-a boca;
tanto n-os refresca e prace
cando pasa pol-a gorxa,
que asemella a auga d' o ceo
que por embudo n-os botan,
e cai d' un xeito n-o estomago
qu' o refrixera e conforta.
Non houbo un home n-o mundo,
que bebendo gaseosa
mórrese de indixestion
ou sentise a sede loba.
porque vos é unha bebida
que com' ela non hay outra